



BASES DA CONVOCATORIA QUE REXIRAN O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISION MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE UN SOCORRISTA DE DURACIÓN 1,5 MESES.

PRIMEIRO. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a selección mediante oposición de 1 praza de socorrista para a área de deportes do Concello de Taboada, en réxime de persoal laboral *temporal*, mediante oposición, ao amparo da subvención regulada na ORDE do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460D). DOG nº 30 do 13 de febreiro.

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Taboada, área de deportes as funcións son as seguintes: atención aos usuarios, auxiliar en caso de accidente, realizar a limpeza dos fondos dos vasos, manter ordenada e limpa as zonas comúns e ter actualizado o rexistro sanitario, así como aquelas outras funcións que lle encomende o concelleiro delegado de área.

Ao presente oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do contrato e salario.

A modalidade do contrato será laboral temporal e a súa duración será como máximo de 6 meses na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-lei 32/2021.

A xornada de traballo será de de luns a domingo. Xornada completa.

Duración do contrato: 1,5 meses.

Retribucións: 1.381,33 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.

TERCEIRO. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual en cumprimento da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado establecen a obriga de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.

e) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

f) Ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.





- g) Posuír a **titulación para o exercicio profesional do socorrismo acuático** na Comunidade Autónoma de Galicia será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia achegando a preceptiva declaración responsable e que dispoña da correspondente habilitación profesional, para ou cal deberase posuír un dous seguintes niveis formativos:
- I. - Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
 - II. - Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas.
 - III. - Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas.

Non obstante, a partir da entrada en vigor do DECRETO 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, e durante o período transitorio ata abril de 2021, que permita garantir a obtención por parte das persoas interesadas da acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente, poderán inscribirse de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia as persoas que, no momento da entrada en vigor desta normativa, cumpran algún dos seguintes requisitos:

1.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de 80 horas de formación de salvamento e socorrismo acuático impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto.

2.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de formación en materia de socorrismo impartido por universidades, federacións deportivas de salvamento e socorrismo, Cruz Vermella ou outras entidades con experiencia na formación de socorristas, con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto, sempre que devandito curso obteña a homologación da Academia Galega de Seguridade Pública.

Aqueles cursos que estean en fase de desenvolvemento na data de publicación do presente decreto serán considerados a efectos do establecido neste apartado, sempre que a entidade que organiza o curso notifique á Agasp no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación deste decreto.

A Academia Galega de Seguridade Pública utilizará como criterio de homologación que o curso teña un mínimo de 80 horas e un contido similar ao curso de salvamento e socorrismo acuático ofertado pola Agasp nos últimos anos.

3.º Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109) establecido polo Real Decreto 711/2011, do 20 de maio.

g) Posuír o certificado de celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto no segundo exercicio dando cumprimento apartado sétimo destas bases.

h) Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo como no da formalización do contrato de traballo temporal.

CUARTO. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello de luns a Venres en horario de 9.00 a 15.00 horas ou ben mediante o procedemento que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo será de **tres días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no **PÁXINA WEB DO CONCELLO DE TABOADA**.

O anuncio publicarase tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello.





No caso de presentar a instancia de solicitude entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

No caso de que non presente a instancia de solicitude coa documentación obrigatoria no prazo establecido para elo, entenderase que o candidato non está interesado no posto ofertado.

A solicitude, Anexo II, deberá ir acompañada por:

- Fotocopia de DNI ou, se ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Titulación que da acceso a convocatoria.
- Certificado de Celga 1 ou equivalente.
- Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente. Poderá seguirse o modelo proposto como anexo II.
- Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións. Poderá seguirse o modelo proposto como anexo II.
- Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual. Poderá seguirse o modelo proposto como anexo I.
- Informe de vida laboral.

A compulsa da anterior documentación deberaa facer o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

QUINTO: Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, e concederá un prazo de **un (1) día** para os efectos de reclamacións ou emendas de erros.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou das probas, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 5 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SEXTO: Tribunal Cualificador.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán





formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os Tribunais Cualificadores serán designados pola Alcaldía e estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogal.

Designarase en cada caso un membro titular e outro suplente. Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza convocada.

Este órgano non poderá constituírse nin actuar sen estar presentes un número de membros equivalente ou superior á maioría absoluta do número de membros que o compoñen nin sen estar presentes o Presidente e o Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo no caso de empate o voto de calidade do presidente do Tribunal.

A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria, non obstante, resolverá as dúbidas que xurdan na súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas Bases. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta.

No caso de consideralo necesario o tribunal poderá recabar axuda de asesores, os cales terán voz pero non voto, limitándose a cumprir a función para a que no seu caso sexan designados, asesorando ao Tribunal no momento e sobre as cuestións que especificamente este lle expoña.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO. Sistemas de selección e desenvolvemento do proceso selectivo.

PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes constará dunha fases: OPOSICIÓN.

OPOSICIÓN: Valorará ata un máximo de dez puntos **(10 puntos)**.

A fase de oposición constará da realización da seguinte proba tipo test:

O exercicio consistirá en contestar por escrito a un exame tipo test de **10 preguntas** e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1,00 puntos. **Puntuará como máximo 10 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen:

- no Anexo III das presentes Bases.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 1, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

OITAVO Cualificación

A fase de oposición ten unha puntuación máxima de 10 puntos.

No caso de empate:

Realizarase unha entrevista persoal cucrricular.

No caso de persistir o empate, farase sorteo público en presenza dos aspirantes.

NOVENO. Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización

dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

DÉCIMO: Bolsa de reserva.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. **A duración desta bolsa será solo por 1,5 meses contados dende o día en que o/a socorrista formalice o contrato laboral.**

DÉCIMO PRIMEIRO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo de Persoal do Concello.

DÉCIMO SEGUNDO. Protección de datos

En cumprimento da obrigaón prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

1.- DATOS DO RESPONSABLE

Identidade do responsable do tratamento:

CONCELLO DE TABOADA, provisto de CIF P2706000C

Domicilio en Praza Xeneral Muínelo, 27550 Taboada, Lugo

Teléfono: [982 46 53 01](tel:982465301)

Correo electrónico: secretaria@concellotaboada.es

2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

- Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico
- Datos académicos
- Datos profesionais de experiencia laboral

3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

4.- LEXITIMACIÓN

Base Xurídica do tratamento

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Taboada. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

5.- DESTINATARIOS

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigação legal.

6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Taboada ou por correo electrónico a secretaria@concellotaboada.es

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñecenlle

En Taboada na data da sinatura electrónica





ANEXO I.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE SOCORRISTA PARA O CONCELLO DE TABOADA XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN 1,5 MESES.

I.- DATOS DA PRAZA:

DENOMINACIÓN:

II.- DATOS PERSOAIS.

PRIMEIRO APELIDO.	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS.	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO:.

Primeiro: Que son coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza de SOCORRISTA

Segundo: Que acepto as bases e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:.

Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.

Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual en cumprimento da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado establecen a obrigaón de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delincentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.

Terceiro: Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

Cuarto: Que aporsto todos os documentos que se relacionan nas presentes bases.

SOLICITO:





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Taboada , a de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).

ANEXO II.

DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Don/a.....con dni.....

Declaración baixo xuramento:

Primeiro: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

Segundo: non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das funcións de **SOXCORRISTA**.

Terceiro: non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual en cumprimento da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado establecen a obrigaón de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.

Taboada , a de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).





ANEXO III

Temario.

- Tema 1.-** Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- Tema 2.-** Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 3.-** O marco da transparencia na administración local.
- Tema 4.-** Conceptos fundamentais da administración electrónica.
- Tema 5.-** Executar técnicas específicas de natación con eficacia e seguridade
- Tema 6.-** Previr accidentes ou situacións de emerxencia en espazos acuáticos.
- Tema 7.-** Asistir como primeiro interviniente en caso de accidente o situación de emerxencia

